



## **NOTA INFORMATIVA SOBRE A INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DA TITULARIDADE COMPARTIDA DAS EXPLOTACIONES AGRARIAS DE GALICIA.**

### **NORMATIVA**

- Lei 19/1995, de 4 de Xullo, de Modernización de las Explotacións Agrarias.
- Real Decreto 297/2009, de 6 de marzo, sobre titularidade compartida en las explotacións agrarias.
- Orden ARM/2763/2009, de 5 de outubro, por la que se regula el Rexistro de titularidade compartida de explotacións agrarias.
- Lei 35/2011, de 4 de outubro, sobre titularidade compartida de las explotacións agrarias.
- Decreto 253/2008, do 30 de outubro, polo que se crea e regula o Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (Actualmente o novo texto normativo está en tramitación).

### **BENEFICIARIOS**

Cónxuxes ou persoas ligadas cunha relación de análoga afectividade, e que a dita relación conste inscrita nalgún rexistro público. Poderan ser ambosdós titulares persoas do mesmo sexo.

### **REQUISITOS**

- Estar de alta na Seguridade Social na actividade agraria.
- Exercer a actividade agraria e traballar nela de modo directo e persoal.
- Residir no ámbito territorial rural en que estea a explotación. O domicilio dos dous titulares deberá coincidir, ou polo menos deberá estar na comarca da explotación ou limítrofes.

### **DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR**

- Solicitud normalizada
- Copia cotexada do NIF dos solicitantes e dos representantes.
- Informe da Tesourería da Seguridade Social sobre afiliación, tipo de réxime e períodos de alta (informes de vida laboral) dos solicitantes.
- Copia cotexada da declaración do IRPF do último ano dos solicitantes.
- Alta na actividade agraria na Delegación da Axencia Tributaria (modelo 036 Declaración Censal).
- Certificado de residencia ou de empadramento.
- Copia cotexada do NIF provisional da Entidade TC.
- Acordo de vontades para a constitución da TC.
- Copia cotexada do Libro de Familia ou certificado de Rexistro Civil, ou de inscrición no Rexistro de Parellas de Feito, ou certificado doutro Rexistro Público, ou aseveración de vinculación de análoga relación de afectividade incluída na declaración conxunta.
- Certificado dos datos bancarios asociados á TC.



## TRAMITACIÓN

1. **DELEGACIÓN DA AXENCIA TRIBUTARIA, Obtención do NIF provisional :** Modelo 036 + Modelo tipo de Acordo de Vontades + NIF's de membros e representantes
2. **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR, Solicitude de inscrición no Rexistro de Titularidade compartida,** presentando a documentación anteriormente relacionada. Emitirase certificación de inscrición no rexistro de TC das explotacións agrarias de Galicia.
3. **DELEGACIÓN DA AXENCIA TRIBUTARIA, Obtención do NIF definitivo,** presentarase a certificación de inscrición no prazo dun mes desde a inscrición no rexistro de TC.

## CARACTERÍSTICAS DA ENTIDADE DE TITULARIDADE COMPARTIDA

### EN CANTO A SÚA NATUREZA E RÉXIME FISCAL

1. É unha entidade sen personalidade xurídica :

- Terá asignado un NIF, probablemente coa letra "E" específico para as TC. A denominación da entidade deberá ser distinta á denominación anterior para evitar duplicidades. Os bens e dereitos que se aportan serán os que conforman a totalidade da explotación agraria e viran reflexados no acordo de vontades. Pode darse o caso que só un titular aporte todo, pero a porcentaxe de participación e reparto de beneficios na TC será sempre do 50%.
- O réxime fiscal e as obrigacións tributarias serán similares ao das comunidades de bens, é dicir:
  - ✓ **IRPF:** Tributan os socios en atribución de rentas.
  - ✓ **Imposto de Sociedades:** A TC non tributa, non é suxeto pasivo.
  - ✓ **IVE:** A TC tributa, é suxeto pasivo.
  - ✓ **Pagamentos a conta:** Retencións e ingresos a conta, a TC está obrigada a practicar e ingresar.
  - ✓ **Pagamentos fraccionados** son os cotitulares, e non a TC, en proporción 50%.

2. Non se altera o réxime xurídico dos ben e dereitos que se aportan, é dicir a TC non significa traslado de titularidad demanial, a titularidade xurídica non cambia.

3. En canto a o réxime xeral da TC:

- ✓ A **Administración** será **conxunta**.
- ✓ A **representación** será **solidaria** (excepto actos que supoñan disposición, alleamento ou gravame, que será **mancomunada**).
- ✓ A **responsabilidade** será **directa, persoal, solidaria e ilimitada** dos cotitulares.



### EN CANTO Á REPARTICIÓN DE BENEFICIOS E DO TRABALLO NA EXPLOTACIÓN

1. **Sempre será ao 50%**, independentemente do que aportara cada un dos partícipes.
2. Unha vez repartidos, rexeranse polo disposto no **réxime económico matrimonial de ambos cónxuxes ou os pactos patrimoniais** que, no seu caso, subscribisen as parellas de feito.
3. **A aportación do traballo será tamén do 50%**, dado que na tributación no IRPF atribuiráanse os rendimentos a partes iguais entre os partícipes.

### EN CANTO AO RÉXIME NA SEGURIDADE SOCIAL

1. Ambas dúas persoas deberán estar ou no **réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos ou no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios**, pero sempre na actividade agraria.
2. **Só será de aplicación a bonificación á SS aos matrimonios**, quedando pendente a súa aplicación, regulación e alcance do encadramento ás parellas de feito. Segundo a D.D 2ª.3. da Lei 18/2007 :”Todo conxuxe menor de 50 anos que se incorpore á actividade agraria a partir do 1 de xaneiro de 2008, terá dereito a unha **redución do 30% na cota de SS durante 5 anos**”.

### EN CANTO AO RÉXIME DAS AXUDAS AGRARIAS

1. A inscrición no rexistro de TC supón **o cambio de oficio na titularidade das explotacións agrarias e nos dereitos de axudas** (pagamento único, vacas nutrices,...), **dereitos de produción** (cotas lácteas,...), **primas ou calquera outra medidas de efecto equivalente** a elas asociados, sen necesidade de consentimento expreso, e será efectivo no ano de constitución da TC. Este pagamento ao novo titular farase efectivo cando a solicitude sexa feita pola entidade de TC na correspondente convocatoria.
2. As subvencións e as axudas, xa procedan de fontes de financiamento europeas, estatais ou autonómicas, **corresponderán por metades iguais** a condición de que se soliciten a nome da TC, realizándose o pagamento correspondente na conta bancaria asociada á TC.
3. Cada un dos cotitulares será **beneficiario directo** das axudas correspondentes ao réxime de pagamento único da PAC, quedando **exenta de retención** de dereitos a cesión dos mesmos que un dos cotitulares deba realizar a favor da unidade económica.

### EN CANTO AS MEDIDAS DE FOMENTO

1. Nas bases reguladoras de subvencións financiadas pola AGE, incorporaránse **medidas que incrementen a ponderación ou puntuación** dos criterios obxectivos de outorgamento de subvencións e axudas públicas, polo que todas as disposicións, plans e programas da AGE tomarán en consideración as medidas incentivadoras e de fomento da TC.



2. Os titulares de TC terán un dereito preferente en **formación e asesoramento**.
3. As TC terán maior facilidade para adquirir a condición de **explotación agraria prioritaria**, xa que os requisitos son:
  - ✓ Un dos titulares ha de ter a condición de Agricultor Profesional (persoa física titular de explotación agraria e que mínimo o 50% da renda total proveña de actividades agrarias ou complementarias, sendo mínimo o 25% que provén de actividades agrarias, e que a dedicación ao traballo sexa igual ou superior a 1/2 UTA). A partir desta Lei de TC, no caso de matrimonios cotitulares de explotación agraria no que só un dos seus membros é AP, xa non son explotacións prioritarias, terán que constituir TC para que só sendo un deles AP poidan ser prioritarias.
  - ✓ A Renta Unitaria de Traballo (RUT) que se obtenía da explotación nunca poderá ser superior ao 180% da Renta de Referencia (RR) do ano en curso. Nas explotacións de TC suprímese o límite inferior do 35% da RR.
4. Os poderes públicos fomentarán a TC nos órganos reitores das entidades asociativas agrarias.

### **EN CANTO Á COMPENSACIÓN ECONÓMICA POR RAZÓN DE COLABORACIÓN EFECTIVA NA EXPLOTACIÓN AGRARIA**

#### **1. Recoñecemento do dereito á compensación económica.**

- ✓ As persoas casadas ou similar que participen de maneira efectiva e regular na actividade agraria da explotación, que non reciban pagamento ou contraprestación algunha polo traballo realizado nin se acolleran ao réxime de TC previsto na presente Lei, terán dereito a unha compensación económica nos termos e cos efectos xurídicos seguintes. En matrimonios con réxime económico de gananciais presúmese ese traballo efectivo, en caso contrario acreditarase mediante calquera medio de proba admitido en dereito.
- ✓ Nos casos de transmisión da explotación agraria, de nulidade ou disolución do matrimonio (Art. 85 do Código Civil), ou nos supostos de liquidación do réxime económico, estas persoas terán dereito a esixir unha compensación económica ao outro titular da explotación agraria ou aos seus herdeiros.

#### **2. Contía e pagamento da compensación.**

- ✓ Terase en conta o valor real da explotación agraria, o tempo efectivo e real de colaboración na actividade agraria e a valoración da actividade no mercado.
- ✓ Será compatible con outros dereitos de carácter patrimonial aos que teña dereito.
- ✓ Satisfarase preferentemente nun só pagamento, sen prexuízo do que as partes poidan pactar sobre a contía, forma, prazos e garantía para o pagamento da compensación.

#### **3. Prazo de reclamación.**

- ✓ A acción para reclamar o pagamento da compensación prescribirá aos cinco anos contados desde o cumprimento dos supostos de transmisión da explotación, nulidade ou disolución do matrimonio ou liquidación do réxime económico.



### **OUTRAS ENTIDADES NO CASO DE NON CONSTITUIR TC**

Quen cumprindo os requisitos decidan non a crear unha TC, poderán constituír entre si unha sociedade de responsabilidade limitada. Estas sociedades axustaranse aos Estatutos-tipo que se aproben polo Ministro de Xustiza.

No prazo de **6 meses** contados desde a publicación do novo regulamento do Rexistro de TC, revisaránse as inscricións existentes para adaptalas á lei. Até entón seguirán vixentes o Real decreto 297/2009, do 6 de marzo, sobre titularidade compartida nas explotacións agrarias, e a Orde ARM/2763/2009, do 5 de outubro, pola que se regula o Rexistro de Titularidade Compartida de explotacións agrarias.